

ESTREA EN NUMAX: 28.12.2018 | V.O.S.E. | +7

Tiempo después (2018, 95')

Dirección: José Luis Cuerda

Guión: José Luis Cuerda (Novela: José Luis Cuerda)

Elenco: Blanca Suárez, Roberto Álamo, Arturo Valls, Miguel Rellán, Carlos Areces, Antonio de la Torre, Joaquín Reyes, Raúl Cimas, Berto Romero, Nerea Camacho, Secun De La Rosa

Montaxe: Emma Tusell

Dirección de arte: Gígia Pellegrini, Manuel Romero

Vestuario: Carolina Liberato, Juanlu Peinado, Esther Sancho

Son: Alberto Pacheco, Patricia Milanese

Música: Lucio Godoy

Fotografía: Pau Esteve Birba

Productora: Estela Films, Pólvora Films, Lanube Películas, El Terrat, Atresmedia Cine (España, Portugal)

Distribuidora: eOne Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2018 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Todo es silencio, 2012

Los girasoles ciegos, 2008

A lingua das bolboretas, 1999

Así en el cielo como en la tierra, 1995

La marrana, 1992

Amanece que no es poco, 1989

El bosque animado, 1987

SINOPSE

En 9177, mil anos arriba, mil anos abaixo, o mundo enteiro viuse reducido a un só Edificio Representativo e a unhas aforas inmundas habitadas por todos os parados e famentos do cosmos. Entre todos estes desgraciados está José María, un tipo que decide que salvando certas dificultades, e mediante a venda no Edificio Representativo dunha riquísima limonada que el mesmo manufactura, outro mundo é posíbel.

«Magnífica. Lémbranos que temos unha gloriosa tradición de facedores de comedia»

Desirée de Fez, EL PERIÓDICO



«España está en mans duns desgraciados»

Entrevista con José Luis Cuerda
Por J.L. González

En *Tiempo después* presenta un futuro bastante negro. É do que se encargou un núcleo duro da sociedade na que vivimos, gobernada polo diñeiro exclusivamente. Vivimos nun munto totalmente absurdo. O animal máis parvo da creación é o milmillonario. Para que o quere se vai morrer? Non lle dá tempo a gastalo.

Fala no seu filme da España do futuro. Como ve a do presente?

En mans duns desgraciados, nos dous sentidos da palabra, como insulto e como vítima, as dúas cousas.

Vítima de que? Para conseguiren o que eles queren fai fallar facerlle moitas faenas á poboación civil normal e corrente, a que o ten que gañar coa suor da súa fronte para poder vivir regular ou mal. Non vin as estatísticas de quen vive ben e quen mal, pero seguro que hai moitos máis dos que viven mal.

Ve algo bo na España de agora? Si, claro: expresións artísticas que están moi ben, xente crítica coa realidade en que vivimos que pode mesmo adoptar posturas pedagóxicas ensinando desde un punto de vista científico, artístico, humano... Algo bo ten que haber, se non tirariámonos polos cantís.

Unha parte do público agarda que *Tiempo después* sexa unha caste de continuación de *Amanece que no es poco* (1989). Diríalles que non é

unha segunda parte, é un filme feito polo mesmo guionista e o mesmo director, que son eu. Nos países que vin o público pasábao moi ben. A min emocionoume moito. Son un sentimental e pillo uns choros, unha cousa...

As críticas están moi polarizadas.

Poderíache dicir até os nomes. Que sigan, que sigan. Eu, namentres, fago filmes. Entre o público houbo de todo. Houbo quen se ergueu na proxección e dixo: «José Luis, todos somos continxentes, pero ti es necesario», e volta a chorar.

Que lle interesa do cinema que se fai hoxe en día? Un movemento que ten a ver co neorealismo, que quere captar a realidade máis inmediata moi sinxelamente, sen alardes técnicos. Unha nai que lle di ao seu neno que non xogue con ese can, que xa llo ten dito máis veces, que traba. E logo traba ou non traba. Quedas coa dúbida. Como vai trabar se é un chihuahua?

Publicado en www.elcomercio.es

«José Luis Cuerda non ten nada en común cos demais directores»

Entrevista con Blanca Suárez
Por Mikel Zorrilla

Cando viches por vez primeira *Amanece que no es poco*? Pois vina hai moitos anos. Cando me chegou o guión de *Tiempo después* e a pesar de que

me dixeron que non era unha secuela, revisiteina para lembrar o código. Tentei non quedarme con moitas cousas, a graza no noso traballo é crear desde cero. Pero si que é verdade que o universo é moi semellante, no mesmo código.

En que se diferencia José Luis Cuerda doutros directores cos que traballaches? É único. Non creo que teña nada en común cos demais directores porque creo que ten a suficiente identidade para non remitir a ninguén. Ten un universo tan peculiar, un humor, un vocabulario e un coñecemento tan especial e profundo que o imprime todo en filmes tan surrealistas e especiais coma este.

Os diálogos son unha das marcas distintivas do filme. Custouche asimilalo para integrarte por completo no personaxe? Non unha, o 80% das palabras. Tento non achacalo á miña xeración, que obviamente é diferente á de José Luis. Tivemos que tirar de diccionario, de preguntar, tentar encaixar parágrafos con palabras que a priori seguramente fosen imposíbeis e que o 80% das frases non saberías encaixalas nun contexto real de hoxe en día.

A maioría dos personaxes son homes. Non botaches en falta máis personaxes femininos? Si, claro, teríame gustado, pero coido que os personaxes son conceptuais, creo que a Méndez é un concepto do feminino e do nivel de manexo que a muller ten na historia e en todas as tramas da vida.

Publicado en www.espinof.com
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Tiempo después, José Luis Cuerda.
Pepitas de Calabaza, 2015

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
FaiTE NUMAX!
Abónatete agora e ven sempre por